

PRINCIPAIS RETOS DE GALICIA CARA A 2030

MATRIZ DAFO

ORDENACIÓN DO TERRITORIO

GRUPO 4: COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

MESA: Ordenación do territorio

RETOS E NECESIDADES DE GALICIA CARA A 2030

- 1 Desenvolvemento da planificación en cascada que propoñen as Directrices de ordenación do territorio, como prioridade para acadar un territorio sustentable e cohesionado, en particular as figuras de ordenación territorial de escala rexional:**
 - 1.1 Desenvolvemento da escala rexional da planificación territorial; os plans territoriais integrados (PTI) e os plans sectoriais.
 - 1.2 -Aprobación dos PTI das Áreas Funcionais como ferramenta de coordinación administrativa e interdepartamental para acadar un territorio sustentable, equilibrado e cohesionado que favoreza o mellor aproveitamento dos recursos, no seu senso máis amplo.
 - 1.3 -Afrontar dende a planificación territorial os retos do cambio climático e os seus efectos.
- 2 Promover a coordinación e o desenvolvemento de estratexias conxuntas, interdepartamentais e interadministrativas, que racionalicen a oferta e a demanda de servizos nas áreas periurbanas e rurais.**
 - 2.1 Un mellor aproveitamento dos recursos xa existentes (administracións e outros axentes).
 - 2.2 Evitar as duplicidades administrativas.
 - 2.3 Eliminación ou simplificación de procesos burocráticos.
 - 2.4 As DOT conteñen as determinacións que rexerán na planificación, ordenación e nas actuacións sobre os dos distintos nodos do sistema de asentamentos de Galicia.
- 3 Implementar modelos de negocio e desenvolvemento que fomenten a diversificación dos nichos de mercado laboral rural. Favorecer o desenvolvemento dun tecido agroindustrial, co impulso de actividades ligadas ao I+d+i e facilidades para a súa implantación. Impulsar e facilitar unha formación e profesionalización adecuadas ás necesidades dos novos.**
 - 3.1 Dinamizar o rural a través dun impulso económico rendible que permita ademais a dinamización da demografía.
 - 3.2 Impulsar a actividade económica como motor fundamental garante da calidade de vida, imprescindible para fixar poboación no rural.
 - 3.3 Promover sistemas de produción que diversifiquen as opcións laborais, revitalizando terras abandonadas e xerando sinerxías entre sectores produtivos.
 - 3.4 Impulsar sistemas multifuncionais que promovan a diversidade de usos dun mesmo territorio.
 - 3.5 Potenciar o desenvolvemento de actividades económicas encamiñadas á transformación das materias primas.

- 3.6 Integrar e fomentar a produción ligada ao minifundio como parte relevante do sector da industria agraria, tendo en conta o seu potencia para a conservación da biodiversidade ligada a técnicas sustentables e tradicionais, capaz de configurar unha oferta diferenciada de calidade asociada a este territorio.
- 3.7 papel na produción diferenciada de calidade compatible coa conservación da biodiversidade fomentando o retorno á produción minifundista.
- 3.8 Manter e aproveitar a marca Galicia/Horta galega baseada na calidade dos seus produtos.
- 3.9 Impulso á formación, á investigación e á innovación, achegándoa ao territorio para garantir a súa accesibilidade. Formación aplicada con vínculos e sinerxías coas industrias.
- 3.10 Buscar alternativas económicas viables que permitan ao rural desprenderse das subvencións e vivir autonomamente.

4 Mellorar os sistemas de transporte colectivos especialmente no que atinxe ás conexións rural-urbanas, rurais-rurais e litorais-litorais; completar as infraestruturas rurais modulando axeitadamente as necesidades e as actuacións propostas.

- 4.1 Desenvolver infraestruturas de transporte para o desenvolvemento de actividades económicas. Infraestruturas de transporte multifuncionais que dean reposta a diferentes necesidades de forma sinérxica (persoas e actividades económicas).
- 4.2 Fomentar a mobilidade peonil.
- 4.3 Establecer un modelo de mobilidade metropolitana intermodal que permita a conexión da totalidade do territorio.
- ~~4.4~~ 4.4 Sistemas públicos de transporte innovadores e eficientes, e adecuados para as diferentes situacións da cidadanía galega.
- 4.5 Desenvolvemento das DOT relativas ás Areas Funcionais para optimizar a xestión conxunta do transporte e doutros servizos.
- 4.6 Cambio cultural que reduza a utilización do vehículo privado.

5 Impulsar o modelo territorial de Galicia segundo as Directrices de Ordenación do Territorio atendendo ás seguintes orientacións:

- 5.1 Potenciar o modelo territorial galego como modelo de sustentabilidade e calidade de vida ligado aos valores naturais e a explotación dos seus recursos, afastado do modelo de desenvolvemento metropolitano.
- 5.2 Preservar e potenciar os valores naturais e paisaxísticos como base da función produtiva do territorio galego e fonte de recursos de alta calidade.
- 5.3 Preservar e, no seu caso, recuperar a identidade dos asentamentos fronte a elementos desconfiguradores como o tráfico interurbano.
- 5.4 Planificación territorial que teña en conta as características diferenciais entre a realidade litoral e a Galicia.
- 5.5 Planificación integrada mediante plans territoriais integrados das Áreas funcionais a partir do sistema de asentamentos do modelo territorial. As Áreas Funcionais de Galicia están por desenvolver, así como os seus PTI; documentos que, no marco das DOT, constitúen un chanzo intermedio imprescindible entre as ordenacións a escala rexional e a escala local.

5.6 A implementación das políticas sectoriais atendendo ao Sistema de Asentamentos das DOT, como rede xerarquizada que articula o territorio galego, parece fundamental para evitar os desequilibrios e o abandono da Galicia interior e daqueles ámbitos máis afastados das 7 áreas urbanas

6 Articular a ordenación territorial tendo en conta

6.1 A protección deste territorio é a base do seu desenvolvemento, pero non é suficiente para protexer o natural ou o patrimonial, senón que debe protexerse toda unha forma de vida.

6.2 A multifuncionalidade do territorio, articulando os sectores produtivos, recreativos e culturais de forma sinérxica e respectuosa co modelo territorial de Galicia, cos seus valores identitarios (patrimonio construído, paisaxe, cultura)

6.3 A infraestrutura verde de Galicia que se aprobe, como punto de partida para a ordenación do territorio e ferramenta decisiva para a conservación da biodiversidade, así como da multifuncionalidade territorial; polo tanto, un elemento clave para acadar o equilibrio entre a contorna construída, o artificial e a contorna natural que ten caracterizado a relación tradicional da poboación galega. A Estratexia de Infraestrutura Verde debe ser desenvolvida asumindo o seu carácter transversal; o que implica o compromiso de todo o goberno para a súa posta en marcha (ODS 15).

6.4 Implementar a estratexia de infraestrutura verde de Galicia co obxectivo de mellorar os servizos ecosistémicos e a xestión medioambiental.

7 Levar a cabo unha ordenación integrada do territorio baseada no modelo territorial proposto nas Directrices de ordenación do territorio de Galicia, pendente de desenvolver na súa escala rexional; atendendo ás singularidades e potencialidades dun territorio rico en valor natural, cultural e paisaxístico e produtivo, na que se teña en conta o aproveitamento multifuncional do monte acorde co seu potencial produtivo e novas fórmulas de reestruturación da propiedade:

7.1 Ordenar os usos do solo a partir dunha caracterización natural e agroforestal das terras agroforestais que servirá como base para a planificación das actuacións do conxunto dos órganos das administracións públicas galegas, as entidades do sector público e privado.

7.2 Impulsar a coordinación interadministrativa e interdepartamental na ordenación dos usos do solo mediante o desenvolvemento de instrumentos de ordenación do territorio integrados sinalados nas Directrices de ordenación do territorio, folla de ruta de Galicia para acadar un territorio sustentable e unha sociedade cohesionada.

7.3 Incorporar prioridades de conservación da biodiversidade compatibles coa explotación dos recursos como base da economía rural.

7.4 Recuperar e poñer en valor as terras agrarias produtivas: mobilización das terras que se atopan en estado de abandono.

7.5 Revitalizar o minifundio como modelo territorial de produción, fomentando o uso da totalidade de propiedades como base de unha produción de alta calidade e de pequena escala.

- 8 Planificar de forma integrada e transversal servizos (educación, sanidade, transporte, vivenda, dependencia) que cubran necesidades básicas. A Comunidade Autónoma, as administracións locais e os diferentes axentes que conforman a sociedade galega deben asumir os compromisos adquiridos nos foros internacionais desenvolvendo a implantación de estratexias de desenvolvemento integrado sustentable que fixen obxectivos e metas de planificación que garantan a coherencia de accións en relación a eses compromisos (A2030, Axenda Urbana, ...)**
- 8.1 Desenvolver a planificación en cascada que definen as DOT (plans territoriais integrados, plans sectoriais) como garantía de coordinación entre as diferentes administracións e de eficiencia na actuación e de eficiencia no desenvolvemento das distintas competencias en infraestruturas, dotacións e servizos, nos diferentes niveis de organización administrativa (estatal, rexional, supramunicipal, local).
 - 8.2 Planificación territorial integrada do sistema de asentamentos para o que resulta preciso desenvolver a definición das Áreas Funcionais e os seus instrumentos de ordenación (PTI), integrando as diferentes escalas e funcións no territorio.
- 9 Desenvolver estratexias que permitan o acceso da poboación ás TIC e á administración electrónica e eliminar a fenda dixital a nivel xeográfico e social.**
- 9.1 Rematar coa fenda dixital a nivel xeográfico e social como obxectivo prioritario e accesible que favoreza a consecución dos retos que ten Galicia a nivel de despoboación no medio rural, tanto para mellorar a calidade de vida do cidadán como para a prestación de servizos á poboación, particularmente nas zonas menos poboadas.
 - 9.2 Impulsar o acceso ás TIC tanto a nivel individual como a nivel económico (creación e consolidación de tecido empresarial).
 - 9.3 Acceso a internet como ferramenta para a fixación de poboación no rural.
- 10 Mellorar a imaxe do rural, tanto da parte empresarial como do feito de vivir no rural mediante:**
- 10.1 Desenvolvemento de modelos piloto sustentables no rural, onde se concentrarían os investimentos, recursos e servizos co obxectivo de fixar poboación.
- 11 Harmonizar a normativa existente en materia de ordenación do territorio, urbanismo, paisaxe, rexeneración urbana. O desenvolvemento e implementación das diferentes Axendas e Estratexias de desenvolvemento integrado sustentable de carácter transversal e aliñadas coas estatais, europeas e internacionais minimizaran a discrecionalidade das políticas públicas e aportarán coherencia ás iniciativas sectoriais, etc.**
- 12 Desenvolver o modelo territorial das DOT e levar a cabo unha ordenación do territorio coherente como modelo policéntrico do sistema de asentamentos (AU, SUI, NET), tendo en conta o seu potencial de sustentabilidade e calidade de vida, afastado dos modelos de crecemento doutros territorios europeos nos que pode ser prevalente o modelo metropolitano, alleo ao modelo tradicional galego.**

13 Ordenación do territorio sen nova transformación de solo baseado na rehabilitación, rexeneración e integración paisaxística

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.1 Alto grado de dispersión poboacional.	A.1 Baixa dispoñibilidade de recursos financeiros e redución de recursos públicos que podería afectar a proxectos de infraestruturas	F.1 Mellora da vertebración territorial debido ao avance nas infraestruturas de comunicación que facilitan as conexións exteriores e vertebración interior.	O.1 Integración nos grandes proxectos europeos no marco da rede transeuropea de transportes RTE-T.
D.2 Baixa densidade de poboación das zonas pouco poboadas, 30 veces inferior ás zonas densamente poboadas. Nestas zonas vive un 27% da poboación galega. Só as zonas densamente poboadas experimentan crecemento da poboación nos últimos dez anos	A.2. O tráfico interurbano como un factor de perda de identidade territorial nas vilas e cidades	F.2 Sistema portuario e transporte marítimos galego especialmente desenvolvido. Galicia, pola súa localización xeográfica, forma parte das redes transeuropeas, fundamentalmente na “autoestrada do mar” de Europa occidental.	O.2 Obxectivo rexional, nacional e europeo de transición cara a unha economía baixa en carbono á que debe contribuír de xeito fundamental a mellora da eficiencia do transporte.
D.3 Alto índice de envellecemento das zonas pouco poboadas en comparación coas outras zonas.	A.3. Desenvolvemento metropolitano, modelo alleo a Galicia e favorecedor do despoboamento do rural	F.3 Medidas de cambio modal cara a fórmulas de transporte máis eficientes Tendencia a fomentar o transporte intermodal.	O.3 Maior protagonismo e interese do turismo exterior
D.4 Menor renda por habitante nas zonas pouco poboadas, entre un 70% e un 85% das outras zonas.	A.4. Priorizar as áreas periurbanas en detrimento do sistema urbano intermedio e dos nodos de equilibrio territorial	F.4 Forte crecemento do transporte aéreo de viaxeiros nos últimos anos.	O.4 Corredor atlántico
D.5 Menor actividade económica a medida que descende o grado de urbanización.	A.5. Os efectos do cambio climático e a previsible subida do nivel do mar parecen unha seria ameaza para amplas zonas do territorio. A subida das temperaturas acompañada da diminución de precipitacións e o incremento do risco de lumes, parecen tamén ameazas a considerar	F.5 Plan de Transporte Público de Galicia. Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia Plan de modernización tecnolóxica da mobilidade en Galicia (e-Mobility)	O.5 Amplas superficies de terras susceptibles de incorporarse á produción agrícola de calidade
D.6 Dinámica demográfica que implica perda de poboación	A.6 O risco de inundación polos efectos climáticos adversos ligados ao cambio climático de zonas construídas que ameaza bens e persoas	F.6 Boa oferta turística, crecente	

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.7 A maior taxa de risco ou exclusión social rexístrase nunha gran parte do territorio ao converxer maioritariamente nas zonas pouco poboadas.	A.7 Intensificación do turismo intensivo	F.7. O minifundio como un potencial para unha produción agrícola de alta calidade compatible coa conservación da biodiversidade	
D.8 Baixa accesibilidade dunha gran parte do territorio aos principais nodos de intermodalidade e a nodos de centralidade da actividade económica	A.8 Corredor Atlántico Europeo para o transporte de mercadorías por ferrocarril, que deixe ao marxe á Galicia co que isto supón para o desenvolvemento de portos como o da Coruña.	F.8. Galicia como modelo único de calidade de vida e sustentabilidade.	
D.9 Dificultades na prestación de servizos de transporte nas zonas rurais, deficiencias en transporte interurbano debido á dispersión poboacional.	A.9 Incremento da demanda do transporte aéreo portugués (Porto) que pon en risco a viabilidade dos aeroportos galegos.	F.9. Modelo de organización territorial único, base para un desenvolvemento sustentable	
D.10 Baixo uso dos medios de transporte de viaxeiros/as colectivos en zonas urbanas e periurbanas e baixa participación do transporte intermodal		F.10. a Lei de recuperación e posta en valor das terras agrarias de Galicia	
D.11 Reducida utilización de TIC nalgúns sectores e modos de transporte de mercadorías		F.11 As Directrices de ordenación do territorio como un marco para o desenvolvemento de carácter estratéxico e o Plan de ordenación do litoral como ferramenta de sustentabilidade no ámbito costeiro	
D.12 Situación xeográfica periférica que prexudica a implantación de centros loxísticos e de transporte terrestre		F.12 Plan de transporte público de Galicia para acadar a accesibilidade do conxunto da poboación en condicións de igualdade aos servizos e dotacións.	

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.13 Descoordinación do sistema aeroportuario que provoca pouca especialidade e complementariedade entre os tres aeroportos galegos		F.13 A capacidade forestal de Galicia como potencial dunha actividade sostible e rendible que reverta na economía do rural en particular e polo seu potencial como sumidoiro de CO2	
D.14. Problema demográfico que opera sobre os demais problemas		F.14 A paisaxe de Galicia, tamén na súa vertente cultural	
D.15. Desenvolvemento deficitario da infraestrutura ferroviaria de Galicia: -articulación exterior con corredores estratéxicos nacionais (transcantábrico) e europeos (Atlántico) -articulación interior con amplas zonas sen infraestrutura (Rías Altas, Costa da Morte, Barbanza, Morrazo, ..)		F.15 Galicia como territorio para a produción de enerxías limpas	
D.16 A xente nova formada que emigra fóra de Galicia na procura dun traballo axeitado a súa formación			
D.17 A estrutura da propiedade como dificultade para a xestión da terra			
D.18 A visión maioritaria de que a riqueza vai ligada a un desenvolvemento metropolitano que fai que a xente abandone o rural cando quere emprender algunha actividade económica			
D.19 A deficitaria e desigual accesibilidade territorial			
D.20 A debilidade dos ecosistemas das Rías ao estaren en contacto coa zona máis antropizada			

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.21 Insuficiente concienciación da sociedade sobre problemas medio ambientais para afrontar os retos .			
D.22 A actual estrutura de propiedade da terra agravada polas características de idade e formación de boa parte dos propietarios actuais que manteñen unha vinculación vital e económica coa terra. En moitos outros casos os propietarios presentan un forte desarraigo, descoñecemento e desinterese polo medio			